

Actividade extraescolar de natación:

Dende a dirección do Centro Deportivo de Campolongo damos a coñecer a actividade “Natación Extraescolar” para este curso 2026-2027.

Esta actividade de natación terá como fin familiarizar e iniciar na aprendizaxe da natación, cun carácter lúdico, así como a práctica do exercicio físico no medio acuático.

1.- Temporalidade da actividade:

A actividade de “Natación Extraescolar” ten carácter anual, comezando o **1 de Outubro de 2026 e rematando o 31 de Maio de 2027**.

Divídese en 2 cuatrimestres:

- O primeiro vai dende o mércores 1 de Outubro ata o venres 29 de Xaneiro.
- O segundo vai dende o luns 1 de Febreiro ata o venres 31 de Maio.

Séguese o calendario escolar (o tendes adxunto no correo electrónico)

2.- Solicitude de praza:

- As prazas para poder comezar o primeiro día de curso poderán solicitarse ata o **mércores 16 de Setembro**, no caso do 1º cuatrimestre, e dende o **xoves 7 de Xaneiro** ata o **venres 15 de Xaneiro** no caso de 2º cuatrimestre (neste caso, ata o luns 11 de Xaneiro, terán preferencia aqueles que cursasen o 1º cuatrimestre e teñan que pasar de nivel).

- Non se abrirá o grupo se hai menos de 5 nen@s anotados e tódolos nenos virán conxuntamente acompañados polos pais e un responsable da ANPA (este non ten que estar fisicamente, pero si localizable). Se non se chega ao mínimo de 5, haberá que esperar ao 25 de setembro, por si se enchese o grupo con nen@s de outras anpas)
- Lémbrese que o número de prazas solicitadas polo centro será o número de prazas que se facturarán finalmente á ANPA.
- Para a reserva de prazas pola ANPA, hai que cubrir a folla oficial de solicitude: **“Ficha de Natación Extraescolar”** (documento adxunto). No se aceptará ningún outro formato.
- Todos os rapaces serán inscritos na actividade a través de solicitude por escrito da ANPA. **En ningún caso se anotarán rapaces directamente na instalación.**
- As reservas irán confirmándose por rigoroso orden de chegada dos e-mails (cos nomes dos alumnos) das ANPAS e ata agotar o número máximo de prazas ofertadas (se non houbese prazas suficientes, poderán permanecer en lista de espera ou esperar que acabe o prazo de inscrición para ver ocos libres outros días)

3.- Horario da actividade:

- As actividades terán una frecuencia de 1 clase semanal, a escoller polos centros interesados, e una duración de **45 min por clase (se a clase que comeza ás 15:45 remata ás 16:30)**.
- As opcións de horario da actividade serán as enviadas mediante e-mail e divídense os grupos por ano de nacemento, igual que o sistema escolar.

4.- Normativa da actividade:

- Lembrámoslles que para poder participar nas clases, todos os rapaces han de traer de xeito **obligatorio un gorro, bañador, gafas e chancas** (no caso de usar escafpíns, non poderán meterse directamente con eles na auga).
- Na instalación non dispoñemos de material para préstamo, pero si dunha tenda para mercar material de piscina.
- Cada nenx terá a súa disposición unha taquilla individual, é responsabilidade dos pais empregar un candado para a súa seguridade.

5.- Idade mínima dos rapaces:

- Os nenos que desexen vir ó curso de “Natación Extraescolar” han de estar matriculados no vixente ano, como mínimo, **en 2º curso do 2º ciclo de Educación Infantil (nados no 2022 ou anos anteriores).**

6.- Normativa vestiarios:

- Hai dous vestiarios para o uso de ANPAS e CLUBES: “familias e grupos”, un masculino e un feminino.
- Nestes vestiarios se van acompañados dunha muller deberán ir ó feminino, e sen van acompañados dun home ó masculino.
- Os menores de 7 anos poden ir ó feminino de grupos e as menores de 7 anos poden ir ó masculino de grupos.

- Só pode ser un adulto por neno, que usará chanclas na zona de duchas e non permanecerá no vestiario mentres dure a clase (accederá 5 minutos antes de rematar a actividade).
- Os bancos deberán de quedar baleiros mentres dura a actividade, as pertenzas ou se levan con un mesmo, ou se gardan na taquilla.

7.- Prezo da actividade:

O prezo da actividade extraescolar de piscina é de 41,72 euros.

A forma de pago será mediante domiciliación bancaria ou ben transferencia bancaria. Os que faciliten o número de conta simplemente mandaremos a factura ao correo facilitado e aqueles que prefiran a transferencia, recibirán a factura con número de conta onde facer o pago (con 30 días máximo para realizalo), tendo que enviar o xustificante de pago a begonafernandez@beone.es

A instalación deportiva emitirá o cargo ao ANPA e non se fará responsable de que un pai/nai non faga o pago, polo que se ten a praza reservada, se contará igualmente para a facturación. A facturación enviarase a finais de outubro

8.- Formalización da inscrición:

Unha vez que os pais confirmen a inscricións dos seus fill@s ao ANPA, será a ANPA a encargada de enviar o total dos nenos á coordinadora de piscina do centro para proceder á súa reserva de praza (a reserva, non a confirmación. Esta farase o 25 de setembro).

Non se aceptarán baixas a partir do primeiro día do comezo das clases: xoves 1 de Outubro no primeiro cuatrimestre e luns 1 de Febreiro no segundo cuatrimestre. Antes de ese prazo, aceptaranse as baixas sempre que o grupo non baixe dos 5 nenxs que hai que ter como mínimo.

9.- Datos de contacto para máis información:

- A persoa de contacto será a coordinadora de piscina Rebeca González.
- Teléfono de contacto do centro: 986 863 855.
- Dirección de correo electrónico: rportela@beone.es
- Para todo lo relacionado con facturas: begonafernandez@beone.es
- Dirección de correo ordinario da instalación: Praza da Constitución s/n C.P: 36003, Pontevedra

Un saúdo.

Pontevedra, a 19 de agosto de 2026.